

Victorino Pérez Prieto  
Doutor en Teoloxía e imparte clases  
nas Universidades de Santiago de  
Compostela e da Coruña

# Prisciliano e a xeración “nós”

## NOTA PRELIMINAR

Na súa orixe, este relatorio tiña como tema Prisciliano no pensamento e a literatura galega. Mais, ao remate, reduciuse, sobre todo, aos persoeiros da Xeración “Nós”, onde tivo máis eco. Con todo, quero achegarme primeiro, aínda que só sexa sumariamente, ao seu eco na cultura galega anterior, o que resulta imprescindíbel para coñecer a postura dos homes de “Nós”.


## I. PRISCILIANO NAS ORIXES DO PENSAMENTO GALEGO E O SEU ECO NA CULTURA GALEGA

### 1. Prisciliano e o movemento espiritual e intelectual da Galiza nos s. IV-V

Falar de Prisciliano, cualificado coma teólogo xenial e de quen o P. Orbe, un dos patrólogos máis reputados, di que ten a teoloxía “máis difícil de Occidente”<sup>1</sup>, e a quen Chao Rego definiu como un “profeta contra o poder” clerical, é falar das orixes do pensamento relixioso galego no s.IV, o momento máis creativo da Galiza aínda en formación, como estudou magnificamente o Profesor Eduardo López Pereira: “O priscilianismo foi o factor desencadeante do temperán florecemento literario de Gallaecia”<sup>2</sup>. Como se sabe, este movemento espiritual e intelectual da Igrexa galega posto a andar por Prisciliano, deu lugar a persoeiros relixiosos como:

EXERIA, a primeira escritora galega (*Itinerarium* ou *Peregrinatio*)<sup>3</sup>, de quen se chegou a dicir que era priscilianista<sup>4</sup>;

Os dous AVITO de Braga, presbíteros que introduciron o neoplatonismo orixenista na península e loitaron



Exeria, foi unha mulle coñecida pola súa obra *Itinerarium Egeriae*, na que narra unha viaxe a Terra Santa. Todo parece indicar que naceu na Gallaecia, «nas ribeiras máis afastadas do océano occidental», segundo documentos do século IV. Foi coñecida como a monxa viaxeira pola súa peregrinaxe desde as nosas terras até Constantinopla e Xerusalén, á Capadocia e á Tebaida no Alto Exipto, as praias do mar Vermello e as caeiras do Sinaí

contra o priscilianismo (*Tractatus Originis...*), e BAQUIARIO, culto monxe mindoniense acusado de priscilianista, mais que ataca tamén o priscilianismo (*De Fide, Professio Fidei...*)<sup>5</sup>;

Tamén IDACIO, bispo de Chaves, historiador e teólogo galego da Limia, coñecedor de San Xerome e dos autores clásicos, que escribiu o *Cronicón*<sup>6</sup> e loitou contra o priscilianismo, que cualificou de “*sectam perniciosissimam*” e “*blasphemissimam*”. Ou o bispo SIAGRIO, que escribiu unha *Regula* para a definición da fe, ademais dos libros *De Trinitate*. E o erudito bispo TORIBIO

DE ASTORGA, xa a mediados do s. V, que escribiu varios tratados contra os priscilianistas (*Epistola ad Idacium et Ceponium*)<sup>7</sup>;

Mais, sobre todo, PAULO OROSIO, teólogo e historiador considerado polo papa Gelasio “o máis erudito entre os escritores cristiáns” do seu tempo. Andou nos primeiros anos tocado pola doutrina de Prisciliano, mais abandonou esas ideas da man de Santo Agostiño (*Ad Orosium contra Priscillianistas et Origenistas*), de quen foi discípulo e amigo, e con quen buscou combater “as falsas e perniciosas dou-

1 A. Orbe, “Doctrina trinitaria del anónimo priscilianista *De Trinitate fidei catholica*. Exégesis en Jn 1, 1-4”, *Gregorianum* 49 (1968).

2 E. López Pereira, *O primeiro despertar cultural de Galicia*, Santiago, 1989, 77.

3 Cf. a edición galega da súa obra: *Exeria. Viaxe a Terra Santa*, Vigo 1991.

4 Cf. H. Chadwick, *Prisciliano de Avila. Lo oculto y lo carismático en la primera Iglesia*, Madrid 1978.

5 Cf. López Pereira, *op. cit.* 93-164.

6 Cf. J.A. López Silva, *A Crónica de Idacio de Limia, bispo de Chaves*, Ourense 2004.

7 Cf. F. Carballo *A Igrexa galega*, Vigo 1995, pp. 18-20; López Pereira, *op. cit.* 82-87.



Decorado dunha obra de teatro feito por Camilo Díaz Baliño

trinas, que esnaquizaban os habitantes de Hispania, con meirande estraño que os bárbaros esnaquizaban os corpos”. Especialmente contra Prisciliano, escribiu o *Commonitorium de errore Priscillianistarum et Origenistarum*<sup>8</sup>.

## 2. O eco de Prisciliano na cultura galega contemporánea até a xeración “Nós”

O bispo Prisciliano, fose ou non de orixe galega, tivo na Galiza unha enorme repercusión. A súa persoa e as súas ideas acreditaron as opinións máis encontradas entre os galegos, facendo del un dos persoeiros máis valorados e, ao mesmo tempo, máis discutidos da historia galega. O cura de Fruime rexeita a súa orixe galega, dicindo que era da Galacia, no leste europeo, pois, como galego, non quere ter nada que ver co que cualifica un “monstro”. O Padre Sarmiento chegou a dicir: “Me importa un pimiento que Prisciliano sea de aquí o de allí... los gallegos hemos de tenerlo en cuenta”.

A súa figura foi especialmente exaltada polos románticos galegos, como personificación dun xenuíno cristianismo enraizado na Galiza, prototipo da espiritualidade ancestral dos celtas. É o caso de MANUEL MURGUÍA, “o gran intelectual galego do s. XIX e parte do XX” (X.R. Barreiro), que ve en Prisciliano o prototipo

do panteón céltico, lonxe de toda heterodoxia. Murguía cre que no sincretismo priscilianista revive o espírito dos celtas e resucita o druidismo céltico<sup>9</sup>. O patrólogo galego, Uxío Romero Pose, destacando que estas afirmacións de Murguía manifestan o historiador sen coñecementos teolóxicos, salienta o influxo das afirmacións murguianas en posturas que cualifica “máis poético-románticas que científicas”. Concretamente, o seu influxo en nomes como Marcelino Menéndez Pelayo (*Historia de los heterodoxos españoles*), e sobre todo Portela Valladares (*Unificación y diversificación de las personalidades*), Otero Pedrayo, etc.<sup>10</sup>

Postura ben distinta á de Murguía foi a que defendeu ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, coñecedor das versións románticas de moda, mais en total desacordo con elas. O cóengo e historiador compostelán prefire dar creto aos testemuños dos máis antigos historiadores e propónse describir a orixe, desenvolvemento e vicisitudes do priscilianismo e debuxando a situación da Igrexa galega do seu tempo. Situándose tamén na perspectiva teolóxica católica, para o cóengo compostelán, Prisciliano está vencellado ao gnosticismo: por iso remata facendo un xuízo durísimo sobre el. Difícilmente se poderían dicir palabras

máis duras: “heresiarca” de “inmundas teorías”, “execrable dogma”, “foco de corrupción y pestilencia”...<sup>11</sup>. Non é de estrañar que Romero Pose conclúa que López Ferreiro “escribiu a gran apoloxía en contra de Priscilián”<sup>12</sup>.

A obra de López Ferreiro foi utilizada por ANGEL AMOR RUIBAL para a interpretación que fai de Prisciliano en *Los problemas fundamentales de la Filosofía y el dogma*, aínda que manifestando unha postura máis ponderada. O grande pensador galego escribe que cumpre distinguir en Prisciliano unha dobre forma de expresión doutrinal: unha *exotérica* e pública, de doado acceso tanto para os clérigos como para a xente común (na que se apoiaban os defensores da súa ortodoxia), e outra *esotérica* e privada, oculta, reservada a un pequeno grupo de iniciados, só coñecida a través dos concilios anti-priscilianistas e os autores antigos (na que se apoiaban os defensores da súa heterodoxia)<sup>13</sup>. Mais ambas as formas non serían “dous tipos contrarios de doutrina”, ao xeito de outros grupos esotéricos, senón variantes da mesma.

“No comienza Prisciliano y los suyos por oponer su doctrina a la doctrina católica como sistema a sistema, sino que pretende des-

8 Cf. o documentado artigo de Casimiro Torres na *Enciclopedia Gallega*, vol. 23, 108-109; tamén Paulo Orosio. *Su vida y sus obras*, A Coruña, 1985.

9 Cf. M. Murguía, *Historia de Galicia*, Lugo-A Coruña 1865-1913, t. II, 465-580.

10 U. Romero Pose, “Estado actual da investigación sobre Priscilián”, *Encrucillada* 12 (1979), 32-44.

11 A. López Ferreiro, *Estudio histórico-crítico sobre el priscilianismo*, Santiago 1978, 17, 24, 133, 163, 215...

12 Romero Pose, art. cit. 40.

13 M. Menéndez Pelayo na *Historia de los heterodoxos españoles*, Madrid 1978, escribe a respecto desta diferenza: “En Grecia, los misterios eleusinos por lo que hace a la religión, y en filosofía las iniciaciones pitagóricas y la separación y deslinde que todo maestro, hasta Platón, hasta Aristóteles, hacía de sus discípulos en *exotéricos* y *esotéricos* (externos e internos), indican en menor grado la tendencia... que quiere dar más valor a la doctrina con la oscuridad y el simbolismo, y en otras ocasiones, del deseo o de la necesidad de no herir de frente las creencias oficiales y el régimen del Estado”, L.I, cap.II, 1.



cubrir dentro del sistema ortodoxo los medios de llegar a sus asertos con sólo trasponer los límites de la letra y llegar al valor trascendente que encierra el simbolismo de los dogmas”<sup>14</sup>.

Xa a carón dos homes da xeración “Nós”, o crego PAULINO PEDRET CASADO, desvencellándose tamén das ideas románticas, publica un documentado traballo nas páxinas da revista cristiá-galeguista *Logos*, na que colaboraron asiduamente desde Otero Pedrayo e Risco até o mesmo Casado. Contrariamente a estes, Pedret Casado conclúe afirmando:

“O priscilianismo non foi pra a nosa Terra unha frorazón do noso espírito, e ninguén puido probar a súa conexión coa nosa alma racial. Máis aínda, a súa arela de separase da Eirexa visíbel, é contraria ao noso sentimento profundo de humanidade, de fraternidade universal”<sup>15</sup>.

14 A. Amor Ruibal, *Los problemas fundamentales de la Filosofía y el dogma*, tm. III, Santiago 1917, 242-251; na edición recente da obra tm. II (1995), 426 e 428, na amplísima nota.

15 P. Pedret Casado, “Xesús ante o priscilianismo”, *Logos* 28 (1933), 67-68.

Pedret Casado critica o “heresiarca” e o influxo do priscilianismo na sociedade galega do s. IV, polas súas doutrinas gnósticas e as súas posturas sectarias: “O carácter de sociedade segreda que o priscilianismo sempre tivo para confiar aos seus iniciados cousas que os demais fideis non debían saber e a súa arela de formar conventículos separados da autoridade eclesíástica á que desobedeceía, era oposto ao espírito que Xesús inculcou nos que queiran ser verdadeiros homes de Cristo”<sup>16</sup>.

Son afirmacións que reflicten xeitos de pensar sobre este teólogo considerado o creador dun cristianismo galego orixinal, aínda que non soubese encaixalo ben no conxunto da nacente teoloxía cristiá e pode que caese nunha deformación da mesma mensaxe cristiá. En calquera caso, se a persoa e a doutrina de Prisciliano acadou un eco tan grande na Galiza do século IV, e aínda posteriormente –“unha repercusión case mitolóxica”, escribe Torres Queiruga<sup>17</sup>-, seguramente foi porque atopaba resonancias na alma dos galegos, tocando re-

16 Cf. *Ibid.* 58-68.

17 A. Torres Queiruga, “La Religión y La Iglesia”, *Los Gallegos*, Madrid 1976.

Pareda da igrexa de Évora feita con osos de monxes. A transcendencia fronte á morte que ten cada pobo será para a xeración “Nós” unha preocupación no camiño da súa análise da identidade galega

sortes moi eficaces da subconsciencia colectiva, pois posibelmente conectaba con formas relixiosas sobreviventes dun estadio precristián e enraizadas no substrato antropolóxico galego, que sobreviviron no cristianismo, aínda que de xeito convenientemente “bautizado”.

## II. PRISCILIANO E A XERACIÓN “NÓS”

Isto foi o que sentiron os homes da xeración “Nós”, unha xeración que valorou sobranceiramente a persoa-lidade de Prisciliano e o seu legado para a Galiza e os galegos. Mesmo, a pesar de ser a meirande parte dos seus membros fundamente católicos, non teñen reparo en pór entre paréntese a súa presunta ou real herexía<sup>18</sup>, para non deixar de salientar o seu importante papel na historia galega.

1. RAMÓN OTERO PEDRAYO, home fonda e fielmente católico, ten Prisciliano como un dos galegos que máis admiración suscita nel, pese a morrer como un herexe, cousa que

18 Actualmente, a afirmación da herexía da doutrina priscilianista foi perdendo o seu fundamento, tras da difusión dos seus *Tratados*, de carácter fundamentalmente ortodoxo. Un dos primeiros en exculpar de herexía a Prisciliano foi E. Ch. Babut, *Priscilien et le priscilianisme*, Paris 1909. Pero, sobretudo, fixoo posteriormente A.B.J. Goosen, na súa monumental obra *Achtergronden van Priscillianus christelijke Ascese*, Nimega 1976; demostra Goosen de maneira clara que a teoloxía de Prisciliano non era herética, senón só un tanto arcaizante. Do mesmo sentir é M. Simonetti, no seu estudio sobre Prisciliano na prestixiosa *Patrologia* de Quasten, III, Madrid 1981, 159-165: “El *De Trinitate* priscilianista nos conduce hacia círculos que en este punto [el de la Trinidad] habían quedado más bien rezagados. Y no otro valor daremos a la profesión de monarquianismo que se reprochaba a Prisciliano. Cabe pensar que su interés preferente por la ascesis le hizo descuidar la puesta al día en la teología trinitaria”, 164.

D. Ramón non esquece e semella acatar a sentenza eclesiástica: “Non pretendemos acentuar en Prisciliano unha superior piedade, nin lamentar o desorbitado da súa doutrina. A ecumenicidade de Roma era necesaria e salvadora”<sup>19</sup>. Mais, ademais de cuestionar a presuntamente correcta utilización dos textos, e confirmando afirmacións máis actuais, non se priva de dicir que a morte de Prisciliano e os seus amigos foi máis a de un “grupo de rebeldes ante o estado” que de “rebeldes relixiosos”<sup>20</sup>. *Herexe*, quizais, mais... non era para tanto, máis ben *rebelde*. Por iso, considera esta morte como a dun verdadeiro **mártir galego**:

“Sempre que atopamos un libro ou un album con fotografías da Porta Negra de Tréveris, non podemos nós, os galegos, evitar un movemento de saudade para aqueles *mortos simbólicos*. A Porta negra aparece manchada con pingueiras de sangue galego... Un novo xénero de mártires xorde coa morte de Prisciliano... E coa *consideración debida ós mártires*, os corpos degolados foron rápidamente transportados a España, e nela tiveron magníficos funerais. Coma sempre, o castigo fracasou”<sup>21</sup>.

Prisciliano é un mártir, por iso a súa memoria perviviu na xente en forma dun verdadeiro movemento popular: “Unha herexía circunstancial non duraría visiblemente desde o último tercio do século IV astra mediados do século VI –escribe... ¿Quen sería capaz de dicir cal sexa na alma profunda do pobo o último sinal de Prisciliano? *Volveu vencido, que non destruído*, a sumirse na paz orixinaria, na esencia dese sentido relixioso do pobo que os anatemas dos bispos non puideron acadar”<sup>22</sup>.

Otero cualifica Prisciliano de ser a figura máis senlleira da historia ga-



Portada dunha revista galega da emigración con motivo do día da patria. Baixo releve de Domingo Maza

lega: “a máis **poderosa individualidade**” da historia da Galiza, “a maior se cadra que Galiza xerou e probablemente máis impresionante polo seu equívoco inicial”<sup>23</sup>. Neste senso, Otero escribiu noutro lugar: “Una primavera de letras clásicas brilló en Galicia en el otoño de la cultura antigua. Surgió la figura poderosa y trágica de Prisciliano. Dejó una estela de palabras elocuente y persuasiva y un destino fatalmente cumplido”<sup>24</sup>. Ademais, para Otero Pedrayo, Prisciliano foi **un bo cristián**: “Na íntima conciencia galega, aínda na máis católica, non pode formularse unha acusación absoluta contra Prisciliano. Foi un cristián, tiña o amor de Cristo, buscou o amparo dos poderes instituídos da Igrexa ¿Non hai na vida e na obra súa algo que sexa abondo para a súa xustificación?”<sup>25</sup>. Máis aínda, cualifícao de ser “o primeiro **teólogo galego**”, nun tempo no que “o viño da teoloxía levedaba de maneira apaixonante nas almas”. Un teólogo “abrasado pola paixón teolóxica”, antítese de tanto conformismo intelectual que non dubida en denunciar D. Ramón. En fin, un teólogo irrepitíbel, pois

23 *Ibid.* 61.

24 R. Otero Pedrayo, *Guía de Santiago de Compostela*, Barcelona 1958, 9-10. Otero ten falado de Prisciliano en máis lugares da súa obra, como é o caso de *O espello no serán*, Vigo 1966, criticando a postura do Cura de Fruime sobre Prisciliano.

25 *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, 61.

para Otero “despois del só houbo entre nós teólogos de escola, máis ou menos brillantes”<sup>26</sup>. Un pequeno inciso sobre a teoloxía galega, naquel tempo bastante máis pobre que na actualidade. Aproveita D. Ramón a súa reflexión sobre a teoloxía de Prisciliano para laiarse da *pobreza da teoloxía galega e española*, nun texto que manifesta a súa excepcional sensibilidade tamén para un tema no que non era especialista:

“É mágoa que a Universidade Española suspéndese as cátedras de Teoloxía e que esta ciencia entre nós leve unha vida tan *apegada á letra* de mais, tan apegada ó *principio de autoridade*, que se pode vencer unha crise temporalmente, acabará por matar esa especie de *emoción que anima toda a obra vital do espírito*. Doutra maneira, a facultade teolóxica galega tería resolto o íntimo problema priscilianista”<sup>27</sup>.

Unha sabia e certa afirmación, que el fai en base ao seu coñecido pensamento sobre a oposición entre o racionalismo escolástico, rixidamente estruturado, e o antidogmatismo galego, cun pensamento máis libre, profundamente metido na antropoloxía do home galego. É a sabedoría de “Bo, malo... Quen sabe?”, ou o vello “Deus é bo, mais o demo non é malo”...

Prisciliano é, pois, para Otero unha figura “sinceramente cristián”, coa particularidade de que, ademais, “*quixo adaptar a Galiza e Occidente a unha forma de cristianismo máis próximo do vello sentimento celta do mundo e o ultramundo*”<sup>28</sup>, sendo creador “[d]un movemento de *adaptación da relixiosidade céltica ao mundo católico* e non un ensaio de doutrinas estrañas”<sup>29</sup>, atraído como estaba “de modo inevitábel pola poderosa tradición dos druídas”<sup>30</sup>. Mesmo, Otero apunta a posíbel “formación druídica” de Prisciliano, “unha formación celta, galega”, que o tería iniciado, entre

26 *Ibid.* 76.

27 *Ibid.* 65-66.

28 *Ibid.* 64-65.

29 *Ibid.* 64.

30 *Id.*

19 R. Otero Pedrayo, *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, Vigo 1982, 69

20 *Ibid.* 70.

21 *Ibid.* 71.

22 *Ibid.* 72.

outras, nas artes máxicas<sup>31</sup>. Ademais, para Don Ramón resulta tamén evidente que o priscilianismo é “o intento de impoñer unha maneira oriental”, de entender o cristianismo, a gnóstica, coa súa doutrina de emanacións e divindades intermedias. Por iso escribe:

“¿Astra que punto esta literatura simbolística dos priscilianistas contiña un reflexo máis ou menos incerto do espírito galego?... É posible e case certo que a fermosa e harmoniosa, a *estética* doutrina dos *eóns*, debía ser simpática á intelixencia sintetizadora e panteísta e á imaxinación creadora celta”<sup>32</sup>.

Para D. Ramón, en fin, a doutrina priscilianista está recollida “na sombra do bosque da psicoloxía galega”, até o punto de que chegou a ser crenza corrente que “un galego debía ser polo menos un pouco priscilianista”<sup>33</sup>.

E unha reflexión marxinal de Otero Pedrayo sobre Prisciliano, que non deixa de ser interesante: a que atinxe o feito de que o seu **público fora maiormente feminino**<sup>34</sup>. Na idea clara de Otero, non se trata dunha atracción erótica, aínda que se teña falado dos cultos orxiásticos dos grupos priscilianistas. Para D. Ramón, máis ben, “aquelas matronas que seguían a Prisciliano eran occidentais, celtas, españolas e galas... proviñan de razas



fortes”, non “decadentes”, nas que a muller se atopa “máis preto da alma ancestral eterna”. Particularmente, entre os celtas a muller tiña unha particular significación, manifestada nas sacerdotisas da Armórica, cuxas voces eran “a afirmación dun poder humano sobre as olas e as costas inhóspitas antes que a cruz coroase o severo enigma dos promontorios”. O símbolo da serpe foi o atributo destes cultos femininos, e na Galiza reinou o culto á serpe, como manifestou Cuevillas nun dos seus traballos. “Se o que hai de primitivo [ancestral] nunha cultura se refuxia nas mulleres ¿por que non considerar ás discípulas de Prisciliano ardentes sacerdotisas de antigos cultos escuros para nós?”, conclúe Otero<sup>35</sup>.

En definitiva, para Otero, Prisciliano e o priscilianismo ofrécenos **dous temas esenciais**: Unha **caracterización psicolóxica** ou antropolóxica, que pon de relevo “algunhas determinantes esenciais do carácter galego”; e unha **literatura**, pois os escritos priscilianistas son “a primeira expresión literaria do espírito galego”. A través de Prisciliano “Galicia falou por primeira vez en *medieval*. En latín medieval, teolóxico, místico, apaixonado”<sup>36</sup>. En base a esta afirmación, Otero fai unha relación entre o primeiro “latín místico” e a primeira poesía galego-portuguesa, facendo alusión non só aos tratados, senón a himnos priscilianis-

tas nos que latexaría “o pulo creador dos celtas e o gran rumor panteísta subxugado”. A literatura priscilianista percorreu o mundo. “Por primeira e rara ocasión, escritos galegos concitaron atención unánime”<sup>37</sup>.

Como **conclusión**, podemos dicir que a Otero Pedrayo lle atrae fundamentalmente Prisciliano como un verdadeiro *símbolo da identidade relixiosa e cultural dos galegos*, que quixo expresar teoloxicamente o espírito galego e fixo un intento creador dun cristianismo enraizado na terra galega, unha adaptación da relixiosidade galega-céltica a fe cristiá, ou viceversa, máis que un gnóstico valentiniano de ideas alleas á nosas, como se ten dito. Unha grande figura galega, arquetipo da alma galega, que tentou facer un *cristianismo galego*. Máis aínda, Prisciliano é para Otero un “morto simbólico”, *símbolo da perenne resistencia galega contra o centralismo*, tamén relixioso: un centralismo uniformizante e negador da diferenza. Fronte aos que afirmaron que a súa é só unha visión romántica, filla dun presunto celtismo galego hoxe superado, a súa visión seguramente deba ser reivindicada<sup>38</sup>.

**2. VICENTE RISCO.** Risco e Castella, os outros dous grandes persoeiros da xeración “Nós”, tamén se achegaron á figura de Prisciliano, pero non coa amplitude, a fondura e o coñece-

31 *Id.* Parece que Prisciliano se iniciou nas artes máxicas, pero que abominaría delas ao batizarse. Cf. J. M. Ramos Loscertales, *Prisciliano. Gesta rerum*, Salamanca 1952; tesis que apoia posteriormente J.Mª Blazquez en “Prisciliano. Estado de la cuestión”, in *Prisciliano y el priscilianismo*, Oviedo 1982.

32 *Ibid.* 79.

33 *Ibid.* 62.

34 M. Méndez Pelayo tamén salienta na súa *Historia de los heterodoxos españoles* o importante papel das mulleres nos grupos gnósticos: a *Helena* de Simón Mago, a *Philoumena* de Apeles, a *Marcellina* dos carpocracianos, a *Flora* de Ptolomeo, a *Lucilla* dos donatistas, a *Priscilla* de Montano...

35 *Ibid.* 68.

36 *Ibid.* 74 (subliñado no texto orixinal).

37 *Ibid.* 77.

38 Cf. V. Pérez Prieto, *A xeración “Nós”. Galeguismo e relixión*, Vigo 1988, 80-85.

mento de Otero. Ademais, ambos manifiestan posturas ben diferentes.

Como é ben sabido, Vicente Risco faino na súa *Historia de Galicia*<sup>39</sup>, situando Prisciliano como “o que máis se sinala nas perturbacións relixiosas de Galicia” no seu tempo. Risco sitúa Prisciliano preto de Marcos de Menfis, un exipcio maniqueo, dedicado ás artes máxicas e que algúns fan discípulo do máis coñecido dos gnósticos, o mestre alexandrino Valentín<sup>40</sup>. Risco atribúe a este Marcos a fundación da seita abstinente dos *agapetas*: “Parece evidente que entre os quasi abstinentes penetrou o gnosticismo, e que Prisciliano comezou a súa predicación

39 V. Risco, *Historia de Galicia*, Vigo 1971, 60-67.

40 M. Méndez Pelayo, que fai a Prisciliano discípulo de Elpidio e de Agape, escribe a respeito deste Marco na *Historia de los heterodoxos españoles*: “A mediados del siglo IV apareció en España, viniendo de la Galia aquitánica... un egipcio llamado Marco de Menfis, educado probablemente en las escuelas de Alejandría. Este Marco... era maniqueo y, además, teurgo y cultivador de las artes mágicas. En España derramó su doctrina, que ha sido calificada de mezcla singular de gnosticismo puro y de maniqueísmo, pero de la cual ninguna noticia tenemos precisa y exacta... y sólo podríamos juzgar por inducción sacada del priscilianismo. Atrajo Marco a su partido a diversos personajes de cuenta, especialmente a un retórico llamado Elpidio, de los que tanto abundaban en las escuelas de España y de la Galia narbonense, y a una noble y rica matrona llamada Agape... Fundaron Marco y Agape la secta llamada de los *agapetas*, quienes (si hemos de atenernos a los brevísimos y oscuros datos de los escritores eclesiásticos) se entregaban en sus nocturnas zambras a abominables excesos, de que había dado ejemplo la misma fundadora. Esto induciría a sospechar que los *agapetas* eran *carpocracianos* o *nicolaítas*, si por otra parte no constara su afinidad con los *priscilianistas*”, L.I, cp.II, 2.

Vicente Risco, e a súa obra *Historia de Galiza*



neste círculos”<sup>41</sup>; este quasi-abastinente chegarían a telo polo seu xefe.

Para Risco, Prisciliano é, en primeiro lugar, un asceta que ataca a conduta licenciosa dos clérigos, home de verba brillante e sedutora que atraeu nobres e plebeos, sobre todo as mulleres que se entregaban á súa guía espiritual e ás que poría nomes místicos (“Bálsamo”, “Barbelón”, “Tesouro”...). Dá a entender Risco que Prisciliano facía algo máis que lles pór nomes chusqueiros e darlles consellos, promovendoas nas comunidades para predicar e ensinar, mesmo co título de “doutor”, cousas que serían condenadas no Concilio de Zaragoza.

Tras facer un relato histórico de Prisciliano, os seus procesos e a súa trágica morte, sen a verba apaixonada de Otero, Risco achégase aos escritos e doutrinas priscilianistas. Refire as posturas dos que o consideran ortodoxo (a coñecida postura de Babut) e dos que o consideran heterodoxo, cualificándoo de gnóstico, maniqueo, licencioso e mago, en base aos xuízos de autores antigos (Sulpicio Severo; San Xerome, Orosio, Santo Isidoro...), tamén sen facer Risco xuízo particular algún. A continuaci-

41 *Ibid.* 60.

ón, fala do priscilianismo despois de Prisciliano, considerando constantemente este como unha *seita condenada pola Igrexa*, polas súas doutrinas (a súa concepción da Trindade divina, a doutrina dos Eóns, do demo, das almas...) e *polas súas prácticas*.

Nada que ver en Risco coa postura de Otero Pedrayo, reivindicando Prisciliano como unha figura galega fundamental. Posibelmente, teña iso que ver cos dous momentos ben distintos e ben distantes nos que deron á luz as súas obras: *O Ensayo histórico sobre la cultura gallega* de Otero apareceu en 1933, no clima liberal da República; a *Historia de Galicia* de Risco apareceu en 1952, en plena efervescencia do nacionalcatolicismo franquista, e despois da tremenda viraxe ideolóxica de Risco, nun tempo o primeiro teórico do nacionalismo galego e logo enalzador do franquismo. Contrariamente ao seu amigo, Risco conclúe o seu breve achegamento histórico a Prisciliano, dicindo:

“Casi todas estas cosas responden más o menos a ideas del gnosticismo oriental; *pretender observar supervivencias célticas en el priscilianismo, es fantasía sin fundamento*. Los ritos en los montes, de que hablan el Concilio de Zaragoza y San Martin Dumiense, no tienen,



Castelao na Bretaña. Fixo unha análise profunda sobre o xeito de fundirse a relixiosidade popular coa oficial e as relacións precristiás de dita relixiosidade entre diferentes pobos como é o caso do galego e o bretón

probablemente, nada que ver con el priscilianismo<sup>42</sup>.

3. CASTELAO, máis aínda que Otero, ten unha postura de clara defensa de Prisciliano como **un dos símbolos meirandes de Galiza**, un mártir inxustamente perseguido e unha especie rebelde que expresa a xenuína “heterodoxia galeguista” *avant la lettre*. Como é ben sabido, na procesión solemne do que el chama a “Santa Compañía de inmortalis galegos”, que fai en *Alba de Gloria* (derradeiro discurso público de Castelao no Día da Patria Galega de 1948), sitúa Prisciliano á cabeza do cortexo, seguido dunha multitude case apocalíptica:

“Ao fronte de todos vai Prisciliano, o heresiarca decapitado, levando a súa propia caveira nunha arqueta de marfín, e afinándose nun longo caxato, que remata coa fouce dos druídas, a modo de báculo episcopal. Siguen a Prisciliano moitos adeptos, varóns e mulleres<sup>43</sup>.”

É en *Sempre en Galiza*, onde atopamos as máis fondas verbas de Castelao sobre este “mártir simbólico” que dicía Otero. Nun parágrafo de verbo apaixonado do Libro I, no que Castelao fai unha profesión de fe que quere ser “intuición das glorias futuras”, manifestando crer e confiar “no poder máxico da terra” e no porvir presentado a través desa fe, fai unha fer-

vorosa defensa de Prisciliano, a quen cualifica de **reformador e “esgrevio teólogo”**:

“... O seu sangue foi xerme *da reforma católica e do libre pensamento*. Galiza abrazou o cristianismo de Prisciliano durante máis de cen anos, e aínda hoxe bule no fondo da alma galega; pero a conciencia mística de Galiza deixouse vencer pola intransixencia ibera, e agora nin tansiquera sabemos ónde repousan as cinzas, denantes veneradas, do *esgrevio teólogo*, e xa non temos azos para para reivindicarmos a súa memoria<sup>44</sup>.”

Máis adiante, volve Castelao sobre o **esgrevio mártir** galego, que cualifica de “figura extraordinaria” e mártir da “intolerancia brutal”, dicindo que foi perseguido “por enxertar na doutrina católica o *sentimento panteísta do seu país natal* e a liberalidade moral dos seus coterráns”. O axustizamento martirial de Prisciliano debeuse, para Castelao, a ser o noso bispo unha “vítima das loitas teolóxicas daquel tempo e da zuna de dous bispo españois, non galegos<sup>45</sup>”. Mais a ironía estaría na posibilidade que apunta de os ósos venerados do Apóstolo en Compostela non seren del, senón do presunto heresiarca, pensando que, en calquera caso, “de non ser Prisciliano merecería ser San Paulo”, escribe Castelao<sup>46</sup>.



Aínda fai Castelao, nas breves palabras -aínda que constantes- referencias sobre Prisciliano, unhas afirmacións máis rechamantes: Prisciliano e a súa doutrina, lonxe de desaparecer da memoria histórica e popular, “**enxendrou unha Igrexa separada, onde se cobexaron tódolos galegos**”. Máis aínda: “O priscilianismo botou raíces tan fondas na alma mística de Galiza que, a pesares das pauliñas dos cregos, *o noso pobo aldeán segue sendo heterodoxo*”<sup>47</sup>. Desta maneira, o priscilianismo chegou a ser para a Galiza non só un xeito de particularidade, senón tamén de *identidade* galega e aínda de “unidade relixiosa” para o noso pobo.

Con todo, Castelao non fai tanto unha reivindicación da doutrina de Prisciliano, como exaltación de unha liña herética fronte á gran Igrexa, canto da súa realidade como un dos *símbolos da Galiza*. Nunha da súas abondosas e suxerintes cartas, falando dun discurso para o “Día de Galiza”, escribe co seu verbo sempre irónico: “Non creo que sexa ben incorrer en herexías; pero andar polas beiras da herexía é sempre un gran pracer”<sup>48</sup> ■

42 *Ibid.* 65-66.

43 *A Nosa Terra*, 463 (1948), cf. *Sempre en Galiza*, Bos Aires 1961, 428.

44 Castelao, *Sempre en Galiza*, 36.

45 *Ibid.* 50-51, 376.

46 *Ibid.* 228.

47 *Ibid.* 51.

48 Carta a Emilio Pita, en *Grial* 47 (1975), 93.